



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de marzo de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de marzo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(178).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de marzo e ordinaria do 6 de marzo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(179).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”. EXPEDIENTE 21029/101.

Visto o informe xurídico de data 04/03/2026 e o informe de fiscalización do 09/03/2026, sométese a información o informe proposta de data 13/02/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 1 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- ANTECEDENTES

En base ás consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 10 de febreiro de 2026, que consta no expediente, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”_ organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal con data 10 de febreiro de 2026.
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 10 de febreiro de 2026.
- Certificado de crédito, Documento económico nº 12026000011278, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentario en data 11 de febreiro de 2026.
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e mais polo Xefe do Servizo de Deportes -Director Deportivo e asinado con data 13 de febreiro de 2026.
- Memoria xustificativa do contrato de data 13 de febreiro de 2026 asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos, asinado o 13 de febreiro de 2026.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”, organizado polo Faro de Vigo S.A.U, así como o desenvolvemento das accións vinculadas Á proposta que se atopan recollidas no Prego de Prescricións Técnicas deste contrato.

O Concello de Vigo como patrocinador incluírá o seu logotipo como impulsor do deporte base local e como apoio aos mozos e mozas de Vigo que o practican. O proxecto conta cun alto grao de recoñecemento social, en base a súa traxectoria de máis de 20 anos de existen-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 2 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

cia e constitúe un dos eventos deportivos máis importantes a nivel local, onde premiase ao deporte base da cidade e a súa comarca e ponse en valor os éxitos de os nosos deportistas, clubs e empresas que o fan posible.

Achégase no trámite Nº 3 da guía de tramitación deste expediente (nº documento 260015512) a declaración de propiedade en exclusiva de Faro de Vigo do proxecto “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”.

II.2.-Procedemento de adxudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

O artigo 168 da Lei 9/2017, ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal vén desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva.

Non consta a existencia doutros proxectos de características similares a “XXVII GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”, con tan alto grao de recoñecemento social, en función da súa traxectoria de máis de 20 anos de existencia, xa que constitúe un dos eventos deportivos máis importantes a nivel local, onde se premia o deporte base da cidade e a súa comarca e ponse en valor os éxitos dos nosos deportistas, clubs e empresas que o fan posible.

Cumpre sinalar que o investimento publicitario que ofrece Faro de Vigo incorporará o logotipo do Concello de Vigo en cada unha das accións publicitarias recollidas no PPTP.

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 3 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 75.000,00 € co IVE engadido

Prezo con IVE : 75.000,00 €

Prezo sen IVE : 61.983,47 €

Importe do IVE 21%: 13.016,53 €

A inversión total en publicidade directa do proxecto “XXVII GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026” ascende a 366.347,67 € o que xustifica o prezo do contrato por importe de 75.000,00 € (SETENTA E CINCO MIL €), xa que supón unha porcentaxe de retorno publicitario do 388,46 %, sobre o prezo do contrato. Polo que se estima un importe en concepto de retorno publicitario de 291.347,67 €.

II.4.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificacións, nin prorrogas

Sendo o valor estimado do contrato estipúlase en 61.983,47 €

II.5 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 4 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.6 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.7.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.8.- Subcontratación

Establécese como tarefas críticas todas as relacionadas cos dereitos de exclusiva propiedade de FARO DE VIGO, S.A.U.

II.9.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución iníciarase o día 24 de marzo de 2026, ou se non fora posible ao día seguinte ao da formalización do contrato e rematará 31 de decembro de 2026.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.10- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.11.- Responsables do Contrato

Os responsables do contrato son a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía e o Xefe do servizo de Deportes-Director Deportivo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 5 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.12- Seguro

Esixirase a subscripción das oportunas pólizas de seguros, que deberá cumprir cos requisitos que a continuación se sinalan:

a) Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas para este seguro de Responsabilidade Civil serán:

- RCivil Explotación – incluíndo a garantía de RCivil Subsidiaria no caso de subcontratar algún servizo do contrato.
- RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- RCivil Post-traballo / Servizos
- Defensa xurídica e Fianzas.
- Neste caso o Concello de Vigo, debe figurar como asegurado adicional sen perder a súa condición de terceiro.

A póliza deberá prestar cobertura durante todo o período da execución do contrato e ata a conclusión da mesma e polas reclamacións acontecidas durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

b).- Calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme a lexislación en vigor durante o período de duración do contrato.

Antes do comenzo do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia das pólizas suscritas, así como tamén dos correspondentes xustificantes dos recibos liquidados, sendo obrigación do adxudicatario o pago dos recibos xerados polas pólizas, tanto no momento da súa contratación como na súa renovación ou calquer outro que se devengue durante a vida das pólizas, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinada pola falta de pago.

En caso de sinistro, calquera diferenza que surxa no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descuberto dos seguros contratados, deberá ser soportada polo adxudicatario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 6 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

II.13.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

➤ De carácter medioambiental:

- Redución do impacto ambiental dos materiais publicitarios co uso de materiais reciclados ou biodegradables, así como procesos de impresión que minimicen o uso de substancias contaminantes.

Esta condición relaciónase co obxecto do contrato, toda vez que os materiais publicitarios (folletos, carteis, banners, etc.) adoitan ter un impacto ambiental significativo debido ao uso de papel, plásticos e tintas. As condicións ambientais poden incluír o uso de materiais reciclados ou biodegradables, así como procesos de impresión que minimicen o uso de substancias contaminantes. Esta xustificación susténtase na necesidade de reducir o impacto ambiental directo das actividades publicitarias e minimizar a xeración de residuos. Fomenta as prácticas responsables na difusión das accións publicitarias.

- Nos eventos realizados en espazos públicos reutilizaranse os materiais sempre que sexa posible, coa redución de residuos e a promoción da económica circular. Isto reforza o compromiso co uso eficiente dos recursos e a minimización da pegada ambiental da campaña publicitaria.

As anteditas condicións especiais de execución ambiental poden xustificarse pola súa capacidade para reducir o impacto ambiental, promover prácticas responsables, fomentar a innovación verde e aliñarse coas políticas de sustentabilidade e responsabilidade social da administración pública. Estas condicións reforzan o compromiso institucional cun desenvolvemento máis sostible e respectuoso co medio ambiente.

II.14.- Solvencia

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

A) Acreditación da solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

a) Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 7 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contrato se licite por lotes, cando a súa duración incluídas as prórrogas non sexa superior a un ano.

- Ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano. Para calcular a anualidade media do orzamento base de licitación dividírase este entre os meses de duración do contrato, sen ter en conta as eventuais prórrogas, e multiplicarase por 12.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

Cando o licitador non poida presentar as contas anuais por unha razón xustificada que poida acreditar, poderán presentar un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior:

- Ao 50% do valor estimado do contrato ou cando a súa duración non sexa superior a un ano.

- Ao 50% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

B) Acreditación da solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 8 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

II.15.- Criterios de avaliación e xustificación.

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos costes e as referencias tanto de tempadas pasadas como dos detallados na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.16.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

II.17.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizadas as accións recollidas no contrato. Antes da presentación da factura, o patrocinado deberá entregar a través do Rexistro Electrónico unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá:

a) Memoria das accións relacionadas co proxecto "XXVII GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026"

b) Detalle e copia de todas as publicacións e insercións publicitarias realizadas en soporte papel vencelladas ao proxecto nas que deberá estar incluído o logotipo do Con-

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 9 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cello de Vigo e que terán que corresponder co recollido nas cláusulas terceira, cuarta e sexta do PPTP.

c) Detalle, copia ou enlace de todas as insercións realizadas onde figure o logotipo do Concello de Vigo en todas as accións de comunicación en medios e soportes dixitais, así como nos espazos onde terán lugar os eventos, que terán que corresponder co recollido na cláusula terceira, cuarta e sexta do PPTP.

Estas accións terán que ter un retorno publicitario mínimo de 291.347,67 €. De non cumprirse as accións publicitarias especificadas, detraerese do prezo a aboar ao contratista o importe equivalente á porcentaxe non cumprida.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura correspondente que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face>- de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo
- c) GE0000668 – órganos de Goberno

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”. Expediente 21029-101

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado e asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía e polo Xefa do servizo de Deportes – Director Deportivo con data 13 de febreiro de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 10 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, en data 13 de febreiro de 2026.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de negociación de 75.000,00 € co IVE engadido, sendo o importe do IVE de 13.016,53 €. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo co procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(180).- TRANSFERENCIA Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CORRESPONDENTE AO ANO 2026. EXPTE. 21037/101.

Visto o informe xurídico do 04/03/2026 e o informe de fiscalización do 10/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/02/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

O Concello de Vigo e a Entidade Local menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 un convenio de colaboración polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprométiase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

O convenio de colaboración que tiña unha vixencia de quince anos, expirou definitivamente o día 31 de decembro de 2021.

O artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a facenda das entidades locais menores estará constituída, entre outros, polos seguintes recursos: A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no Decreto de Creación. Esta participación non será, en ningún caso, inferior ao 25 por 100 dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade.

Non hai constancia da existencia dun Decreto de Creación da Entidade Local Menor de Bembrive. Non obstante, consta a existencia da acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive asinada o 12 de xuño de 1945, que achega ao expe-

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 11 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

diente. O antedito documento non recolle ningunha porcentaxe de participación nos impostos municipais aos que se refire a lexislación.

II.- Lexislación aplicable.

- Lei 5/1997 de 2 de xullo de Administración local de Galicia, artigos 163, 164.1.f) e 164.2
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais artigo 156 (Recursos das entidades de ámbito territorial inferior ao municipio).

III.- Informe

Con data 16 de febreiro de 2026, a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou o pagamento por transferencia da anualidade 2026 (documento nº 260036511), de conformidade co consignado no vixente orzamento municipal aprobado polo Pleno do Concello de Vigo por importe de 329.000,00 €.

Constan anexados ao expediente os seguintes documentos: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión núm. 6/2023 de Constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive 2023-2027, do día 14 de xullo de 2023; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

En cumprimento do establecido no artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa finalidade de a Entidade Local Menor de Bembrive poida atender ao esixido no artigo 163 da citada Lei 5/1997 de 22 de xullo, con data 18 de febreiro de 2026 a xefa do departamento administrativo da Alcaldía solicitou á Dirección de Ingresos, informe sobre os importes percibidos no exercicio 2025 correspondentes á Entidade Local menor de Bembrive.

Con data 25 de febreiro de 2026 a Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada achega o informe solicitado (tramite nº 9 do expediente), sobre os importes percibidos no exercicio 2025 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2026. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de 328.900,31 €

IV.- Fundamentos técnicos.

Primeiro.- Solicitud de da Entidade Local Menor de Bembrive de pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2026, anexado ao expediente 21037-101 no trámite 3.

Segundo.- A finalización o día 31 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive, asinado con data 18 de maio de 2007, e que tiña unha duración de 15 anos. Polo que en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprométiase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 12 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Terceiro.- O vixente orzamento municipal que dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 329.000,00 euros.

Cuarto.- A documentación achegada pola Entidade Local Menor de Bembrive: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión núm. 6/2023 de constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive 2023-2027; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

Quinto.- Informe da Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada de data 25 de febreiro de 2026 (anexado no trámite nº 9 do expediente) sobre os importes percibidos no exercicio 2025 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2026. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de **328.900,31**.

Sexto.- O importe da transferencia que ascende a **328.900,31 €** deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive).

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Autorizar unha transferencia por importe de 328.900,31 € á favor da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE en concepto de pagamento da anualidade 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(181).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “APARCADOIRO NA RÚA MANUEL COMINGES – MATAMÁ”. EXPTE. 2445/441.

Visto o informe de fiscalización de data 05/03/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 13 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Aparcadoiro na rúa Manuel Cominges – Matamá” (2445-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A Mesa de Contratación, comprobada a documentación presentada pola licitadora clasificada en primeiro lugar e detallada polo miúdo no informe proposta de adxudicación achegado coa convocatoria desta sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Aparcadoiro na rúa Manuel Cominges – Matamá” (2445-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “APARCAMENTO NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (1.164.321,30 EUROS)

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 09.10.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.00.37 – proxecto de gasto 25153237 (Aparcadoiro en Matamá), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), por importe de 1.164.321,30 €”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 14 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 13 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Aparcadoiro na rúa Manuel Cominges – Matamá” (2445-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL	96,72
2	CIVIS GLOBAL, SLU	95,82
3	NAROM, SL	93,26
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	92,43
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL	90,75
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	89,08
7	ORECO BALGON, SA	52,74

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 17 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 24 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 15 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran o obxecto social, a clasificación, o poder de representación e os certificados positivos de estar ao corrente coa AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto co apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 6, categoría 4) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, categoría 2 e Anexo III asinado polo representante do terceiro no que pon a disposición do licitador a clasificación esixida (G-6-4). Incorpórase ao expediente, certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do terceiro onde consta a clasificación e que non está incurso en prohibición de contratar.
- Seguro de caución por un importe de 42.750,00 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de marzo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 16 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 2 e 9 de febreiro de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Aparcadoiro na rúa Manuel Cominges – Matamá” (2445-441) por un prezo total do contrato de 1.034.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 179.550,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(182).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS. EXPTE. 51477/446.

Visto o informe de fiscalización de data 05/03/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (51477-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 17 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (51477-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada do contrato de SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 17 de outubro de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de novembro de 2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 240.000,00 euros, que inclúe un IVE de 21.818,18 euros, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2100004 “Adquisición de arborado e arbustos”, distribuído nas seguinte anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	80.000,00 €
2027	80.000,00 €
2028	80.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 “Reforzar a Integridade nos procesos”, Liña Estratégica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratégico 3.4, “Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso”, Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de febreiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (51477-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 18 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

	Licitador	Puntuación total
1	JESUS GUTIERREZ SANTOS	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESUS GUTIERREZ SANTOS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS, o día 17 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 24 de febreiro e o 2 de marzo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura que o licitador non está incurso en prohibición de contratar.
- DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (56.000 euros), ao tratarase dun empresario individual presenta a declaración do IVE 2024 (modelo 390) cun volume de operacións que supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (56.000 euros), presenta certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 10.909,09 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 19 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de marzo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS, de conformidade co acordo da Mesa de Contratación, de data 12 de febreiro de 2026, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (51477-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 240.000 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.818,18 euros, cunha porcentaxe única de desconto do 13% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo do PPTP.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 20 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

- b) *Reduce o prazo de entrega dos materiais a subministrar sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPT (10 días) en 5 días.*
- c) *Incrementa os seguintes prazos mínimos de garantía sinalados no apartado 11 da FEC do PCAP:*
- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo I arborado (4 meses) en 60 días.*
 - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo II Arbustivas (3 meses) en 30 días.*
 - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo III Planas varias (2 meses) en 20 días.*
 - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo IV Planta de tempada (1 mes) en 10 días.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(183).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE C. VIGO VOLEIBOL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25389/333.

Visto o informe xurídico do 03/02/2026 e o informe de fiscalización do 19/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 14.01.26 a entidade C. VIGO VOLEIBOL presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260008723) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 21 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 60.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890010 a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga - división de honra 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga - división de honra 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 22 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C. VIGO VOLEIBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 23 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C. VIGO VOLEIBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890010 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 24 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 60.000,00 € a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL co CIF: G36658219 e enderezo social en Bolivia, 2 6º C (36203), en

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 25 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25389-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890010 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C. VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026(EXPTE. 25389-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25389-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga - división de honra 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C. VIGO VOLEIBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 26 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890010 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00 €, a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C. VIGO VOLEIBOL na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25389-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C. VIGO VOLEIBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C. VIGO VOLEIBOL comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 27 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 28 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C. VIGO VOLEIBOL na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C. VIGO VOLEIBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C. VIGO VOLEIBOL unha subvención por importe de 60.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890010 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efec-

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 29 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de Novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de fac-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 30 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

turación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 31 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cum-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 32 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

primemento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

7(184).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CORUXO F.C. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25404/333.

Visto o informe xurídico do 03/02/2026 e o informe de fiscalización do 19/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 33 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 22.01.26 a entidade CORUXO F.C. presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260018161) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 160000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890017 a favor da entidade CORUXO F.C. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 34 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CORUXO F.C. conta cun equipo de elite na modalidade de FÚTBOL na categoría 2ª RFEF. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da can-teira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da en-tidade na categoría 2ª RFEF hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do de-porte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de lo-gros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da en-tidade CORUXO F.C. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien ac-tuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal desta-camos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspec-tos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemen-to e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxec-to deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e vi-guesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 35 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CORUXO F.C. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 36 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890017 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CORUXO F.C. durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 37 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CORUXO F.C. para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 160.000,00 € a favor da entidade CORUXO FC co CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao S/N (CP 36330), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25404-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890017 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25404-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade CORUXO F.C. CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao S/N (CP 36330), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25404-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CORUXO F.C. durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ª RFEF desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 38 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A entidade CORUXO F.C. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CORUXO F.C. impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do FÚTBOL en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890017 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 160000,00€, a favor da entidade deportiva CORUXO F.C..

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CORUXO F.C. na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade CORUXO F.C. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25404-333.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 39 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CORUXO F.C. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade CORUXO F.C. comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de FÚTBOL na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 40 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CORUXO F.C. na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CORUXO F.C. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CORUXO F.C. unha subvención por importe de 160000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890017 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 41 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 42 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 43 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 44 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 45 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

8(185).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25417/333.

Visto o informe xurídico do 12/02/2026 e o informe de fiscalización do 03/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con datas 27.01.26, 28.01.26 e 11.02.26 a entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260020627) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 46 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 40000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890016 a favor da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. conta cun equipo de elite na modalidade de FÚTBOL SALA na categoría Segunda División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Segunda División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 47 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 48 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890016 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade MOSTEIRO BEMBRI-VE F.S. durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 49 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva **MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.** para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 40000 € a favor da entidade **MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.** co CIF: G36886422 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25417-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890016 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 50 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPT. 25417-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Manuel Martínez Caride con DNI 36090680T, como presidente da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. CIF: G36886422 e enderezo social na rúa Alameda do Torreiro, S/N (CP 36214), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25417-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda división desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do FÚTBOL SALA en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 51 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890016 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 40000,00€, a favor da entidade deportiva MOSTEIRO BEMBRIVE F.S..

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25417-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de FÚTBOL SALA na tempada 2025-2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 52 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 53 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. unha subvención por importe de 40000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890016 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 54 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 55 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 56 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 57 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

9(186).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25424/333.

Visto o informe xurídico do 12/02/2026 e o informe de fiscalización do 02/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 10.02.26 a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260032435) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 58 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890003 a favor da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA conta cun equipo de elite na modalidade de ATLETISMO na categoría Primeira División. A actividade deste equipo na

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 59 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover activida-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 60 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

des e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposi-*

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 61 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ción reguladora se se trata de subvencions ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencions de Galicia. E a súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencions, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencions, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencions, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 62 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo CP (36211), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25424-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890003 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25424-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Pedro Juncal Otero como presidente da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro, 10, 1ºB (36211), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25424-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Femenina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 63 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ATLETISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25000,00€, a favor da entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA .

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 64 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25424-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ATLETISMO na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 65 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adementos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA unha subvención por importe de 25000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 66 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran reabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartalaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 67 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 68 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 69 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 70 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.

b) O acordo unánime dos asinantes.

c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

10(187).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25384/333.

Visto o informe xurídico do 04/02/2026 e o informe de fiscalización do 09/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 12.01.26 a entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260006948) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 71 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4800004 a favor da entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C. CICLISTA RÍAS BAIXAS conta cun equipo de elite na modalidade de CICLISMO na categoría “Primeira”. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 72 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría “Primeira” hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da*

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 73 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 74 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 75 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C. CICLISTA RÍAS BAIXAS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00 € a favor da entidade CC. RÍAS BAIXAS co CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25384-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800004 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C. CICLISTA RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25384-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25384-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría “Primeira” desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 76 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do CICLISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30000,00€, a favor da entidade deportiva C. CICLISTA RÍAS BAIXAS.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25384-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C. CICLISTA RÍAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 77 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PACTOS

Primeiro.- A entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de CICLISMO na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 78 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C. CICLISTA RÍAS BAIXAS unha subvención por importe de 30000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 79 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 80 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 81 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estatase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Ba-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 82 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

ses de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 83 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11(188).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25425/333.

Visto o informe xurídico do 12/02/2026 e o informe de fiscalización do 10/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 10.02.26 a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260032432) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890004 a favor da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO polo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 84 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO conta cun equipo de elite na modalidade de ATLETISMO na categoría Primeira División Masculina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira División Masculina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 85 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 86 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 87 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acreedores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade RC CELTA ATLETISMO co CIF: G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo CP (36211), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25425-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890004 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25425-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 88 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Doutra, José Ángel Serantes Arias, como presidente/a da entidade RC CELTA ATLETISMO co CIF G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, (36211), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25425-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Masculina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ATLETISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 89 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25000,00€, a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25425-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ATLETISMO na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 90 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 91 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO unha subvención por importe de 25000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 92 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 93 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 94 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 95 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

12(189).- BASES REGULADORAS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO: 2026-2027. EXPTE. 10617/335.

Visto o informe xurídico de data 06/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta, de data 11/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 96 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrència establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas:

- a) Programas “Cabalgata de Reis” e “Entroido”
- b) Programa de concertos

A aprobación do acordo corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023.

Polo exposto, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte **PROPOSTA**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación das bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, “VIGO EN FESTAS 2026-2027” no BOP de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 97 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BASES REGULADORAS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2026-2027.

PRIMEIRA.- FUNDAMENTO E CONCEPTO

O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por este motivo, o servizo de Festas propón a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

SEGUNDA.- OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes bases teñen como obxecto, establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

Terán a consideración de achegas aquelas que de forma voluntaria e no marco do convenio correspondente, efectúen as persoas xurídicas para a realización de actividades de interese sociocultural de competencia municipal. As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias como en especie nos supostos legalmente establecidos.

Serán obxecto de colaboración as actividades de carácter sociocultural relacionadas cos programas do **Anexo I**.

TERCEIRA.- FORMA DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL

O convenio de colaboración empresarial ten como finalidade a colaboración mediante unha achega voluntaria, monetaria ou en especie, da entidade na realización das actividades programadas polo Concello de Vigo ás que se refire o Anexo I destas bases, sendo a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 98 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

participación do colaborador obxecto de difusión, sen que esta publicidade supoña unha contra prestación a dita achega que permita cualificalo como contrato.

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras dos convenios de colaboración empresarial as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas no Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias, que terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Deberán formalizarse en documento administrativo, co seguintes contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o convenio.
- c) Definición do obxecto do convenio, con expresión das actividades obxecto de colaboración.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao convenio.
- e) Compromisos asumidos polas partes.
- f) Achegas a realizar polo patrocinador, especificando a súa valoración, prazo e condicións de entrega.
- g) Programa e partida orzamentaria na que se ingresarán as achegas realizadas polo patrocinador.
- h) Prazo de realización das actividades patrocinadas, con expresión das datas estimadas para o seu inicio o finalización.
- i) Prazo de duración do convenio e datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a súa posible prórroga.
- j) Causas de resolución do convenio

CUARTA.- ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN

Poderase colaborar nas actividades municipais relacionados no **Anexo I** destas bases.

QUINTA.- ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

SEXTA.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como en **especie**. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración. Sempre que a actividade o permita, as achegas poderán proceder de varios colaboradores. En tales casos, cada colaborador formalizará o seu respectivo convenio de colaboración.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 99 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SÉTIMA .- PUBLICIDADE E PRAZOS

A publicación das convocatorias que conteñen a relación concreta de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOP Pontevedra e na páxina web municipal con arranxo ao seguinte calendario:

- a) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- b) Para o “**PROGRAMA DE CONCERTOS**” a publicación queda condicionada á resolución do decreto da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación no BOP Pontevedra.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo II**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>). Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e, como secretaria, persoal técnico do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2026 15:00

Páxina 100 de 124

2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026

CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: valorarase con ata **10 puntos**

- a) Oferta economicamente máis vantaxosa: valorarase con ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valorarase con ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: valorarase con ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: valorarase con ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: valorarase con ata **10 puntos**

- a) Oferta en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa: valorarase con ata 4 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valorarase con ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: valorarase con ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: valorarase con ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: valorarase con ata 1 punto

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN

Os datos dos solicitantes e beneficiarios e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado. De acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, as achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os requisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN, SENTIDO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO E RECURSOS

Dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ata que se adopta acordo da Xunta de Goberno Local respecto da selección dos colaboradores, non poderá transcorrer máis de tres meses.

En caso de que en dito prazo non se resolva polo órgano competente, entenderase que o sentido do silencio administrativo é negativo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 101 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contra o acordo da Xunta de Goberno Local poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de notificación ou publicación do acordo, ou ben recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso Administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e rexerese naquilo que non este disposto no mesmo, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, no Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario e, de forma supletoria, pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector público

ANEXO I

ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

1.- CABALGATA DE REIS:

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: determinarase en cada convocatoria

Temática: determinarase en cada convocatoria

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

2.-ENTROIDO

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

3.-PROGRAMA DE CONCERTOS

Descrición da actividade: Concertos nacionais e internacionais no Auditorio ao Aire libre de Castrelos.

As actividades que compoñan o **programa de concertos** estarán recollidas anualmente nun decreto asinado pola concelleira. A convocatoria anual de colaboracións para este programa realízase unha vez que estea asinado o antedito decreto.

Datas e horarios: Determinaranse no decreto de composición do programa VIGO EN FESTAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 102 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Forma de colaboración: Dadas as diferentes tipoloxías das actividades que compoñen o PROGRAMA DE CONCERTOS, e tendo en conta os diferentes públicos aos que van destinadas (infantil, familiar, xuvenil,...) as formas de colaboración (monetaria ou en especies) para cada unha das actividades que compoñen o programa, estableceranse na convocatoria anual.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

ANEXO II

INSTANCIA-FORMULARIO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2026-2027

NOME DA ENTIDADE
CIF..... ENDEREZO.....
LOCALIDADE..... CÓDIGO POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE.....
NIF..... TELÉFONO DE CONTACTO..... CO-
RREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE OU PROGRAMA OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- VIGO EN FESTAS 2026-2027:

ACTIVIDADE:
.....

FORMA DE COLABORACIÓN:

- MONETARIA
IMPORTE DA ACHEGA:.....
- EN ESPECIE
VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA

* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En, ade.....de 2026

Asdo:

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 103 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13(190).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SUBMINISTRO DE DE COMBUSTIBLES E ADBLUE DESTINADOS Á FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL”. EXPTE. 15373/445.

Visto o informe xurídico do 23/02/2026 e o informe de fiscalización do 04/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/03/2026, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 20/01/2023, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A25009192) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil do Concello de Vigo por procedemento aberto e por un prezo total de un por un prezo total de 1.161.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 201.495,87 euros, co porcentaxe de desconto sobre os combustibles do 9.98%.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo o día 07/03/2023 e na súa cláusula cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de tres anos, sendo a data de inicio do mesmo o 22/03/2023, e con dúas prórrogas de duración cada unha.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato do “Subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 104 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil do Concello de Vigo – Lote 1”, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Consta no expediente administrativo de referencia o preaviso de prórroga, que foi notificado electronicamente á contratista o día 13/06/2025.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 22/03/2026 ao 21/03/2027, sendo que o prezo anual ascende a un total de TRESCENTOS OITENTA E SETE MIL EUROS (387.000,00 euros) IVE incluído.

Septimo.- O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.221.03.00 “Combustibles e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 22/03/2026 ata o 31/12/2026	9202.221.03.00	301.000,00 €
Do 01/01/2027 ata o 21/03/2027	9202.221.03.00	86.000,00 €
	TOTAL	387.000,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato do “Subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil do Concello de Vigo”, formalizado o lote nº1 coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A25009192) , polo período comprendido dende o 22/03/2026 ata o 21/03/2027.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do “Subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil do Concello de Vigo – Lote 1” (15.373-445), a favor da entidade RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A25009192) por importe de TRESCENTOS OITENTA E SETE MIL EUROS (387.000 euros) IVE incluído; imputando o devandito gasto a aplicacións orzamentarias 9202.221.03.00 “Combustibles e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 22/03/2026 ata o 31/12/2026	9202.221.03.00	301.000,00 €

S.ord. 13/03/2026



Do 01/01/2027 ata o 21/03/2027	9202.221.03.00	86.000,00 €
	TOTAL	387.000,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A25009192) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso- administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(191).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS. EXPTE. 12673/320.

Visto o informe xurídico do 23/02/2026 e o informe de fiscalización do 27/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2026, asinado pola xefa de participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión na sesión sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte acordo, en EXPTE. 11048/320:

1. *“Tomar razón da exclusión do lote II de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. pola Mesa de Contratación na súa sesión do 12 de decembro de 2023 porque os prezos ofertados por estas licitadoras na parte fixa do contrato excede o orzamento base de licitación da parte fixa que é de 10.364,91 €*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 106 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

2. *Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320) coas seguintes condicións:*

- Lote 1:

O prezo total do contrato é de 46.086,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.998,48 euros.

Propón o seguinte tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros (inferior a 24 horas): MENOR A 1 hora.

- Lote 2:

O prezo total do contrato é de 41.038,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.122,43 euros.

A parte fixa do contrato é de 8.639,40 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.499,40 euros

A parte variable do contrato é de 32.399,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.623,03 euros.

Propón como prezo da parte variable do contrato:

- a) Da 1ª hora (desprazamento engadido) de asistencia técnica a usuarios/as do auditorio que precisen dun técnico para o uso do equipamento do mesmo en calquera horario sobre o mínimo establecido no apartado 3G destas FEC de: 45 euros (IVE incluído).*
- b) De cada hora a partires da 1ª (desprazamento engadido) de asistencia técnica a usuarios/as do auditorio que precisen dun técnico para o uso do equipamento do mesmo en calquera horario sobre o mínimo establecido no apartado 3G destas FEC de: 14 euros (IVE incluído).*

Propón o seguinte tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): MENOR A 1 hora.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

II. De acordo co establecido nos contratos correspondente a cada un dos lotes, I e II, asinados en data 13/03/2024 respectivamente, o prazo do contrato é de dous anos, comprendendo desde o 14/03/2024 ata o 13/03/2026. Prevense dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas, con cargo a aplicación orzamentaria 9240 2279905 "Mtmto. Equipamento e trab. Técnicos OMD".

III. Con data 26/01/2026, a Concelleira de Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá resolveu autorizar o inicio da tramitación do expediente de PRÓRROGA DO

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 107 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS, a cal, de acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos, no apartado 4.C das FEC e demais documentación do contrato, tería unha duración de un (1) ano, durante o período comprendido entre o 14/03/2026 – 13/03/2027.

IV. A través da notificación co número de saída 22429-2026-1 se comunicou ao adxudicatario o preaviso de execución da 1ª prórroga do contrato durante o período comprendido entre o 14/03/2026 – 13/03/2027.

V. O día 11/02/2026 o contratista APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L. achega mediante o rexistro de entrada (doc. 260032928) o preaviso emitido polo Concello, asinado polo seu representante legal, dando conformidade á prórroga prevista.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

II. Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

III. No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración, sendo o prazo de duración do contrato de 2 anos (apartado 4.A das FEC).

IV. Na actualidade o servizo obxecto deste contrato se está a desenvolver conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

V. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

VI. Debido á necesidade de garantir unha resposta rápida ás avarías e / ou configuracións tanto dos equipos informáticos como das redes de datos, cableadas e inalámbricas (wifi) nos Centros Municipais de Distrito e dado que o servizo de Participación Cidadá non dispón de persoal nin dos medios materiais necesarios, é preciso manter a contratación deste servizo, tal e como se recolle no informe de necesidade de 26/01/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 108 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

VII. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- *“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VIII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, resolución de atribucións de competencias de 20 de xuño de 2023, e resolución de modificación de delegación de competencias do 25 de setembro de 2025) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do PCAP, nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato e no apartado 4 da memoria xustificativa, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da xefatura do servizo e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autoriza-la a prórroga de **UN ANO**, para o período comprendido entre o 14/03/2026 ó 13/03/2027, do contrato para a prestación do servizo de MANTENIMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS (expte. 11048-320), do que é actual adxudicataria **APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L.** (B36834323) por acordo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de febreiro de 2024.

SEGUNDO.- O prezo da prórroga será para o **LOTE I** de **23.043,24 € (IVE incluído)** os cales irán con cargo a aplicación orzamentaria 9240 2279905 “Mtmtto. Equipamento e trab. Técnicos OMD”, distribuídos nas seguintes anualidades:

ANO 2026	PREZO CON IVE
14/03/2026 - 31/12/2026	18.306,57 €
ANO 2027	PREZO CON IVE
01/01/2027 – 13/03/2027	4.736,67 €
TOTAL PRÓRROGA LOTE I	PREZO CON IVE
	23.043,24 €

S.ord. 13/03/2026



O prezo da prórroga será para o **LOTE II** de **20.519,38 € (IVE incluído)** os cales irán con cargo a aplicación orzamentaria 9240 2279905 “Mtmt. Equipamento e trab. Técnicos OMD”, distribuídos nas seguintes anualidades:

PARTE FIXA DO CONTRATO: 4.319,70 €

ANO 2026	PREZO CON IVE
14/03/2026 - 31/12/2026	3.431,76 €
ANO 2027	PREZO CON IVE
01/01/2027 – 13/03/2027	887,94 €
TOTAL PRÓRROGA P. FIXA LOTE II	PREZO CON IVE
	4.319,70 €

PARTE VARIABLE DO CONTRATO: 16.199,68 €

ANO 2026	PREZO CON IVE
14/03/2026 - 31/12/2026	12.644,75 €
ANO 2027	PREZO CON IVE
01/01/2027 – 13/03/2027	3.554,93 €
TOTAL PRÓRROGA P. VARIABLE LOTE II	PREZO CON IVE
	16.199,68 €

TERCEIRO.- Autorizar e comprometer o gasto da 1ª prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais polos importes recollidos no apartado anterior, e que se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279905 “Mtmt. Equipamento e trab. Técnicos OMD”.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 110 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(192).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DESIGNADO NO PROCESO SELECTIVO DE 23 PRAZAS DE BOMBEIRO/A: QUENDA LIBRE, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021,2022. EXPTE. 45410/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/03/2026, asinado polo presidente e pola secretaria do órgano de selección referido, que di o seguinte:

De conformidade co indicado no punto segundo da acta nº 31 da sesión que tivo lugar o 17/02/2026 no proceso selectivo para a provisión de vinte e tres (23) prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022, 1ª Fase da convocatoria (BOE nº 223 de 14.09.2024), elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta en relación ao acordo adoptado polo órgano de selección no recurso de alzada interposto polo aspirante D. J.M Lorenzo Rodriguez (documento nº 260002156).

INFORME-PROPOSTA

Desestimación Recurso de alzada.

INFORME-PROPOSTA

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Bases xerais e específicas reguladoras deste proceso selectivo publicadas no BOPPO nº 107 de 3 de xuño de 2024.
- Bases xerais e específicas rectificadas reguladoras deste proceso selectivo publicadas no BOPPO nº169 de 30 de agosto de 2024.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2024 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integradas polas prazas se-

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 111 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

guintes: sarxento/a extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeiro/a (quenda libre) e condutor-bombeiro/a (quenda libre), e aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

O luns 3 de xuño de 2024 no BOPPO nº 107 son obxecto da correspondente publicación as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Con data 30 de agosto de 2024 publícanse no BOPPO nº 169 as bases xerais e específicas rectificadas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2020,2021 e 2022.

Segundo.- Con data 15/05/2025 publícase na web municipal www.vigo.org o anuncio de valoración da fase de concurso na que se lle outorga unha puntuación ao aspirante JM Lorenzo Rodriguez de 3,40 en experiencia e 3,00 en formación de modo que a suma total na fase de concurso é de 6,4 puntos.

Terceiro.- Con data 9/07/2025 e documento nº 250181169 o aspirante J.M Lorenzo Rodriguez presenta reclamación contra o acordo do órgano de selección adoptado na sesión nº 7 de data 14/05/2025, na que solicita que se revise a puntuación asignada na fase de concurso no apartado de formación.

De todos os cursos que presenta o aspirante o único que non é valorado polo órgano de selección é o Curso “Instructor de seguridade de polígono de fogo “ cunha duración de 21 h, polo que é o obxecto sobre o que versa a reclamación.

A suxerencia que apunta co carácter residual, en relación á posibilidade de valorar a certificación profesional “SEADO111, extinción de incendios y salvamento” en base aos seus módulos formativos non procede en ningún caso, xa que é criterio do órgano de avaliador de outorgar neste supostos a puntuación á totalidade de horas e non proceder á división por módulos.

O Tribunal na sesión que tivo lugar o día 4/12/2025 adoptou o seguinte acordo en relación á reclamación do aspirante:

Lorenzo Rodriguez J.M . Documento nº 250181169

Alegación presentada:

Solicita que se revise a puntuación asignada na fase de concurso no apartado de formación.

Motivación do acordo:

O órgano de selección tras a revisión correspondente da documentación non aprecia ningún erro que motive a variación da puntuación.

Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 3,40 , a valoración da formación en 3,00 e por tanto a valoración total en 6,40.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 112 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Cuarto.- Con data 11/12/2025 publícanse os acordos do órgano de selección adoptados nas sesións de datas 25/11/2025, 02/12/2025 e 04/12/2025 de resolución das alegacións presentadas á fase de concurso .

Quinto.- Con data 18/12/2025 publícase na web municipal www.vigo.org o anuncio de puntuacións totais, proposta de nomeamento e lista complementaria do proceso selectivo .

Na relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos para o seu posible nomeamento, como funcionarios en prácticas, cando se produzan os supostos previstos legalmente, figuran nos tres primeiros postos os seguintes aspirantes:

APELIDOS	NOME	NIF	TOTAL
SANCHEZ SANCHEZ	A.	***0302**	7,88
LORENZO RODRIGUEZ	J. M.	***6877**	7,84
POSADA CONDE	J. A.	***6970**	7,84

Sexto.- Na sesión de data 19/12/2025 o órgano de selección procedeu á corrección das puntuacións totais ao verificar que a puntuación das probas físicas dos aspirantes Antón Sánchez Sánchez (DNI ***0303**) e Anxo Sánchez Sánchez (DNI ***0302**) estaban intercambiadas.

Con data 19/12/2025 publícase na web municipal www.vigo.org o anuncio da corrección de erro do anuncio de puntuacións totais, proposta de nomeamento e lista complementaria do proceso selectivo .

Na relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos para o seu posible nomeamento, como funcionarios en prácticas, cando se produzan os supostos previstos legalmente, figuran nos tres primeiros postos os seguintes aspirantes:

APELIDOS	NOME	NIF	TOTAL
FERNANDEZ MATEO	P.	***3238**	7,96
LORENZO RODRIGUEZ	J. M.	***6877**	7,84
POSADA CONDE	J. A.	***6970**	7,84

Septimo.- Na sesión de data 30/12/2025 o órgano de selección acordou estimar a solicitude de resolución do suposto de empate da proposta de nomeamento publicada o día 18/12/2025 (corrección de erros publicada o 19/12/2025) presentada por Jonatan Andrés Posada Conde (DNI *** 6970**) o día 19/12/2025 (doc. Nº 250358731), así como a resolución dos demais supostos de empate que existen nos resultados finais deste proceso selectivo.

Con data 30/12/2025 publícase na web municipal www.vigo.org o anuncio de resolución de supostos de empate, puntuacións totais, proposta de nomeamento e lista complementaria do proceso selectivo .

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 113 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos para o seu posible nomeamento, como funcionarios en prácticas, cando se produzan os supostos previstos legalmente, figuran nos tres primeiros postos os seguintes aspirantes:

APELIDOS	NOME	NIF	TOTAL
FERNANDEZ MATEO	P.	***3238**	7,96
POSADA CONDE	J. A.	***6970**	7,84
LORENZO RODRIGUEZ	J. M.	***6877**	7,84

Oitavo.- Con data 07/01/2026 e documento nº 260002156 o aspirante D. J.M Lorenzo Rodríguez interpón recurso de alzada no que solicita *“que se admita o recurso de alzada e na súa virtude se dite resolución pola que se revoque ou anule a resolución impugnada, recoñecendo o dereito do recorrente a que se lle conceda unha puntuación de 3,2 puntos no apartado de formación, o que supón unha puntuación total na fase de concurso de 6,6 puntos e un posto superior no listado de puntuacións totais, proposta de nomeamento, e lista complementaria do proceso selectivo”*

Noveno.- Con data 14/01/2025 publícase Anuncio sobre interposición de recurso de alzada polo aspirante J.M Lorenzo Rodríguez con data 07/01/2026 contra acordo do órgano de selección do 4/12/2025 sobre resolución das alegacións á fase de concurso no que se concede ás persoas interesadas un prazo de 10 días por se quixesen alegar o que estimen conveniente, de conformidade, co disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas .

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2026 15:00

Páxina 114 de 124

2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026

CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Terceiro.- O recorrente en alzada centra a súa impugnación nuns argumentos semellantes aos que levou a este órgano de selección a desestimar a súa reclamación .

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

O recorrente no seu recurso de alzada en relación aos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei Lei 39/2015 no que basea os seu recurso sinala o seguinte:

“Que procede o recoñecemento do instado en virtude do establecido nas bases da convocatoria , que son as lei do concurso e non poden ser infrinxidas so pena de incorrer en infracción do ordenamento xurídico.

Que de conformidade co establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, resulta nulo de pleno dereito a resolución ás alegacións á fase de concurso do proceso selectivo para a provisión de 23 prazas de bombeiro/a en turno libre, incluídas nas ofertas de emprego dos anos 2020, 2021, 2022 (BOE nº 223 de 14/09/2024) do Concello de Vigo publicada o 11/12/2025,

Que no citado listado de puntuacións finais figuro empatado co aspirante Posada Conde J.A ambos cunha puntuación total de 7,84 puntos.

Que de concederlle a puntuación correcta de 3,2 puntos no apartado de formación da fase de concurso non existiría o citado empate polo que a súa posición no listado de puntuacións finais sería unha posición por enriba de Posada Conde J.A o que afecta directamente as súas posibilidades de acceso ao posto de traballo producindo con elo un prexuízo irreparable ao meu dereito e interese lexítimo de acceder ao mencionado posto de emprego público”.

Cuarto. - Os artigo 23.2 e 103.3 da CE garanten o dereito dos cidadáns a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, de acordo cos principios de mérito e capacidade. Pola súa parte o artigo 55 do TREBEP establece que os procesos selectivos desenvolvanse de conformidade cos principios de independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección ademais de obxectividade e transparencia, o que implica necesariamente dotar aos Tribunais cualificadores da competencia para adoptar os criterios necesarios para interpretar, integrar, e aplicar as bases da convocatoria.

A Base VI das Específicas reitoras do procedemento establece *“Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser ads-*

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 115 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

critos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso”.

A valoración dos méritos forma parte do ámbito da discrecionalidade técnica recoñecida aos tribunais cualificadores, que se fundamenta na súa especialización e coñecemento das funcións propias do posto convocado.

Quinto.- No presente caso, de todos os cursos que presenta o aspirante o único que non é valorado polo órgano de selección é o Curso “Instructor de seguridad de polígono de fuego “ cunha duración de 21 h, polo que é o obxecto sobre o que se centra a impugnación do recorrente en alzada.

O programa do Curso de “Instructor de seguridad de polígono de fuego” que achega o recorrente é o que a continuación se detalla:

Instructor de Seguridad de Polígono de Fuego (21 horas)

A. CONTENIDO TEÓRICO (5 horas)

- 1.- Análisis de riesgos y movimientos de seguridad.
- 2.- Gestión de logística: materiales y equipamiento.
- 3.- Preparación de simuladores y materiales para las maiobras.
- 4.-Conocimiento de las instalaciones y sus riesgos.
- 5.- Diseño de maniobras y simulacros.
- 6.- Control de seguridad de intervinientes.
- 7.- Normativa de Seguridad, protocolo y plan de Emergencia.
- 8.- Comunicaiones en las intervenciones.

B. CONTENIDO PRÁCTICO (16 horas)

Conocimiento de las instalaciones, puntos clave, ubicación de los materiales y medios. Riesgos de cada instalación.

PRÁCTICA 1: Movimientos básicos en interiores. Tiempo de respuesta y evacuación de la instalación.

PRÁCTICA 2: Rescate de un accidentado. Procedimiento de trabajo.

PRÁCTICA 3: Preparación de una práctica, objetivos, simulador, puesto intervención, puesto seguridad, breafing y recogida del mismo.

PRÁCTICA 4: Que analizar para posteriormente comentar en las prácticas de incendios en interiores.

PRÁCTICA 5: Orientación en incendios en interiores.

PRÁCTICA 6: Edificio residencial. (Espejo de instructor de seguridad). Briefing. Resumen del día. Evaluación y análisis de las intervenciones.

PRÁCTICA 7: Taller. (Espejo de instructor de seguridad).

SIMULACRO: Edificio Multiusos entero (Espejo de instructor de seguridad). Briefing. Resumen del día. Evaluación y análisis de las intervenciones.

O temario do curso está orientado ás funcións como instructor de seguridad en polígono de fogo e non ás funcións de bombeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 116 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

O concepto clave que tivo en conta o tribunal é a “relación directa “ e non a mera existencia dunha relación entre o curso a valorar e o contido das funcións do posto a desempeñar por un bombeiro.

As bases que rexen o proceso selectivo constitúen a norma reitora do mesmo e vinculan tanto á Administración como ás persoas aspirantes, integrando o marco xurídico específico que disciplina a valoración de méritos.

No presente suposto as bases establecen que unicamente serán valorados aqueles cursos que garden relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares das prazas convocadas, o que introduce un requisito material, obxectivo e restritivo.

Sobre o concepto de “relación directa “, o termo directa exige unha conexión funcional, inmediata, específica e propia entre e contido do curso e o desempeño ordinario do posto de bombeiro. Non resulta suficiente unha utilidade xenérica, complementaria ou transversal. A relación debe proxectarse de maneira clara e inequívoca sobre as tarefas operativas propias do servizo, tales como a prevención e extinción de incendios, o salvamento e rescate de persoas e bens, a intervención en emerxencias, e o manexo de equipos e vehículos específicos do servizo.

Admitir como valorables cursos que só garden unha relación indirecta o meramente instrumental suporía vaciar de contido o requisito establecido nas bases, e alterar o equilibrio do proceso selectivo e o principio de igualdade entre os aspirantes, xerando unha ampliación non prevista dos méritos computables.

O curso denominado “Instructor de seguridade de polígono de fogo” ten por finalidade o control de medidas de seguridade nas instalacións onde se desenvolven as prácticas, simulacros e maniobras das actividades de formación, que non forman parte das funcións propias nin ordinarias do posto de bombeiro convocado, tales competencias non integran o contido funcional do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, polo que non pode apreciarse a existencia dunha conexión funcional inmediata entre o contido do curso e as tarefas propias do posto.

A exclusión do Curso “Instructor de seguridade de polígono de fogo” responde a un criterio técnico razoable baseado na ausencia obxectiva de vinculación funcional directa coas tarefas propias do posto de bombeiro.

A causa da exclusión resulta clara e directamente inferible do contido do Curso “Instructor de seguridade de polígono de fogo” e do requisito da “relación directa” establecido nas bases.

Neste aspecto cómpre sinalar que o temario da actividade formativa teórica e práctica a desenvolver no curso selectivo polos bombeiros nomeados funcionarios en prácticas en ningún caso contempla ese tipo de formación que se indica no programa do “Curso de Instructor de Seguridade de Polígono de fogo”

A maior abundamiento citar que os bloques formativos deste curso selectivo son os que se citan a continuación:

- 1- Intervención operativa en extinción de incendios urbanos e industriais.
- 2- Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxico e antrópico.
- 3- Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 117 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4- Equipos de traballo e ferramentas manuais. Manexo. Uso Seguro. Manual de Instrucións. Mantemento preventivo e correctivo.

Sexto.- É preciso lembrar a xurisprudencia pacífica do Tribunal Supremo sobre os límites dos órganos de selección para interpretar as Bases, así destacan :

A Sentencia de 20 de novembro de 2006 do Tribunal Supremo (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 7ª), que considera que as valoracións deben ser realizadas sempre conforme aos criterios establecidos nas Bases da convocatoria.

A Sentencia do Tribunal Supremo de 10 de decembro de 2018 (recurso de casación nº 787/2016) analiza os límites das facultades dos tribunais cualificadores.

Esta sentenza considera que a competencia dos órganos de selección para interpretar, integrar e aplicar as bases da convocatoria inclúe a de precisar como han de aplicarse as mesmas, é dicir precisar e complementar pero sen apartarse das bases para innovalas, constitúe unha fina liña entre interpretación complementaria e a innovación.

Septimo.- Á vista do exposto, o órgano de selección acorda **DESESTIMAR O RECURSO DE ALZADA** interposto por D. J.M Lorenzo Rodriguez no documento nº 260002156 con data 07/01/2026 no que solicita *“que se admita o recurso de alzada e na súa virtude se dite resolución pola que se revoque ou anule a resolución impugnada, recoñecendo o dereito do recorrente a que se lle conceda unha puntuación de 3,2 puntos no apartado de formación, o que supón unha puntuación total na fase de concurso de 6,6 puntos e un posto superior no listado de puntuacións totais, proposta de nomeamento, e lista complementaria do proceso selectivo”* xa que a exclusión do Curso “Instructor de seguridad de polígono de fuego” responde a un criterio técnico razoable baseado na ausencia obxectiva de vinculación funcional directa coas tarefas propias do posto de bombeiro.

Oitavo.- En consecuencia co anterior, o órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas para a provisión en propiedade de vinte tres (23) prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024) na súa reunión celebrada o día 17/02/2026 acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

Noveno.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada presentado polo aspirante D. J.M Lorenzo Rodriguez con documento nº 260002156 con data 07/01/2026 no que solicita *“que se admita o recurso de alzada e na súa virtude se dite resolución pola que se revoque ou anule a resolución impugnada, recoñecendo o dereito do recorrente a que se lle conceda unha puntuación de 3,2 puntos no apartado de formación, o que supón unha puntuación total na fase de concurso de 6,6 puntos e un posto superior no listado de puntuacións totais, proposta de nomeamento, e lista complementaria do proceso selectivo”* de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de vinte e tres (23) prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024). Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 118 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

ACORDO:

"ÚNICO: DESESTIMAR O RECURSO DE ALZADA interposto por D. J.M Lorenzo Rodriguez no documento nº 260002156 con data 07/01/2026 no que solicita "que se admita o recurso de alzada e na súa virtude se dite resolución pola que se revoque ou anule a resolución impugnada, recoñecendo o dereito do recorrente a que se lle conceda unha puntuación de 3,2 puntos no apartado de formación, o que supón unha puntuación total na fase de concurso de 6,6 puntos e un posto superior no listado de puntuacións totais, proposta de nomeamento, e lista complementaria do proceso selectivo" de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de vinte e tres (23) prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024). **polas razóns xurídicas expostas.-"**

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación de conformidade co disposto nos artigos 8,14, e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Todo elo, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(193).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE.18686/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2026, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 119 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar informada das seguintes multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 142/435 (NIF ***1304**)	1.000 €
02 2288/435 (NIF ***9578**)	3.000 €
03 2288/435 (NIF ***9578**)	6.000 €
04 2563/435 (NIF ***5573**)	1.000 €
05 3143/435 (NIF ***1531**)	750 €
06 3437/435 (NIF ***0036**)	1000 €
07 3514/435 (NIF***8691**)	1.500 €
08 3538/435 (NIF***4376**)	2.000 €
09 3552/435 (NIF***1273**)	1.000 €
10 3559/435 (NIF ***4198**)	1.000 €
11 3790/435 (NIF ***0237**)	2.000 €
12 13169/423 (NIF***1556**)	1.000 €
13 20708/423 (NIF ***1558**)	2.000 €
14 23352/423 (NIF ***8768**)	1.000 €
15 23352/423 (NIF ***8876**)	1.000 €
16 23352/ 433 (NIF***2031**)	1.000 €
17.23620/423 (NIF ***8756**)	1.000 €
18.24306/423 (NIF ***0270**)	1.000 €
19 24364/423 (NIF***2111**)	1.000 €
20.26225/423 (NIF ***5416**)	1.000 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Adxudicación do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo". Expte. 20984/101

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2026 15:00

Páxina 120 de 124

2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026

CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

co°Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería°Delegada°de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(194).- ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS "MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO". Expte. 20984/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de febreiro de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consono ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o subministro dos galardóns honoríficos institucionais "Medalla de Ouro da Cidade de Vigo". Expte: 20984-101.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía, e asinado con data 29 de xaneiro de 2026.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 10 de febreiro de 2026.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 121 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Autorizar un gasto con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación correspondente ao exercicio 2026, polo importe máximo de base á negociación por un total 15.300,00 € ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive 2.655,38 €. O valor estimado do contrato ascende a 12.644,62 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato de subministro de natureza administrativa, non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.”

Segundo.- O día 2 de marzo de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a JOYERIA RAMON FERNANDEZ, SA, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 5 de marzo de 2026 JOYERIA RAMON FERNANDEZ, SA , presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 9 de marzo de 2026, reuníronse a xefa da unidade administrativa de Alcaldía, responsable do contrato, coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación, para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 18.2º.2.A) do PCAP, e acordándose admitir a JOYERIA RAMON FERNANDEZ, SA no procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”.

Segundo o previsto apartado 1.1 do Anexo I -FEC- do PCAP, non procede a negociación “*dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o procedemento de fabricación das medallas, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato*”. Asemade, en aplicación do criterio recollido na cláusula 19.4º, a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados (“*Non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada.*”).

Quinto.- Con data do 9 de marzo de 2026 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), adoptou a seguinte resolución:

“**Primeiro.-** Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais “Medalla de ouro da cidade de Vigo” (20984-101) na seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 122 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2051 /1102

Orde	Licitador
1	JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), tendo en conta a xa presentada no sobre A:

- *A documentación acreditativa da súa personalidade xurídica e da representación enumerada na cláusula 9.1.1º) e 2º) do PCAP.*
- *A documentación acreditativa da solvencia económica e financeira tal e como establece a cláusula 9.1.3º) do PCAP.*
- *A acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9.C do Anexo I -FEC-.*
- *O Anexo IV do PCAP que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.”*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA, o día 10 de marzo de 2026, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- Con data 11 marzo de 2026 reúnen-se a xefa do departamento administrativo de Alcaldía xunto coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación e revisada a documentación presentada pola licitadora comprobando que é correcta. Consta no presentados os certificados acreditativos de que a empresa non ten débedas coa AEAT, a ATRIGA e a TXSS. Asemade, figura no expediente o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias da Tesourería do Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

S.ord. 13/03/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 123 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 9 de marzo de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (20984-101) por un prezo total de 12.644,62 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.300,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(195).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 124 de 124
2051-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: AAB5AB-5BA638-BBEFD8-YRN4PF-HD7KUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		